



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## **BASES QUE HAN DE REXER PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN CAPATAZ, UN PEÓN CONDUTOR E TRES PEÓNS FORESTAIS PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, 2017.**

### **1. Obxecto da convocatoria**

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), de 1 praza de Capataz, 1 de Peón Conductor e 3 de Peóns Forestais para a Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais, anualidade 2017.

### **2. Obxecto do Contrato**

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

### **3. Requisitos das persoas aspirantes.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño funcións propias do posto de traballo, que *será xustificada mediante Informe Médico*.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

### **Titulación requerida**

Estar en posesión do Certificado de Estudos Primarios, equivalente ou superior e ter o permiso de conducir tipo B para as prazas de Peón Conductor e Capataz de Incendios.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

### **Titulación específica para o posto**

Para a praza de **Capataz** é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ademais do permiso de conducir tipo B.

### **4. Forma e prazo de presentación de instancias**

**4.1** As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Negreira e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax 981 885328 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse no prazo de dez (10) días naturais a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no taboleiro de editos deste Concello.

As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

**4.2** A solicitude deberá ir acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia cotexada.

### **5. Admisión das persoas aspirantes**

1. Despois de rematar o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará, a resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de editos e na páxina web do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de tres días naturais, seguintes ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou as emendas de defectos.

2. Posteriormente, o alcalde ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e se recollerán as puntuacións obtivas polos aspirantes admitidos na fase de concurso. A citada resolución publicarase no taboleiro de editos e na páxina web do Concello. Na devandita resolución sinalarase o día e a hora na que os aspirantes comparecerán para realizar a proba teórica.

### **6.-Procedemento selectivo**

O sistema de provisión será o concurso – oposición, dadas as características da praza que fan preciso contar con persoas que acrediten coñecementos sobre a materia nos seus diversos ámbitos, así como a experiencia no campo de desempeño do posto a desenvolver.

#### **Tribunal cualificador para a Fase de Concurso:**

**Presidente:** Sonia Ponte Esturao, persoal do Concello de Negreira

**Vogalías:** Sonia Nieto López, persoal do Concello de Negreira

**Secretaría:** Patricia Barreiro Casal, persoal do Concello de Negreira



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## **FASE DE CONCURSO.- BAREMACIÓN:**

Será a seguinte:

**1.-** Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,10 puntos por mes de servizo ou fracción superior a 15 días, ata un máximo de **2 puntos**. Xustificarase polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral e Certificados de Empresa ou Contratos de Traballo.

**2.-** Por cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **3 puntos**:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 70 horas ata 100 horas: 0, 50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.
- De máis de 15 horas ata 40 horas: 0, 20 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

**4.-** Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.:

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3 ou equivalente: 0, 50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0, 75 puntos.

**5.-** Pola inscrición acreditada como demandante de emprego, (**só se puntuará dende a última alta como demandante de emprego**):

0,01 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días ata un máximo de **1 punto**

Este apartado só se computará a aqueles aspirantes que na data de presentación da solicitude estén inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. e que así o acrediten.

Para a acreditación deste punto é imprescindible presentar informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

**FASE DE OPOSICIÓN:** Esta fase será realizada e baremada pola empresa especializada na materia obxecto destas bases e que se indicará na resolución de alcaldía na que se aprobe o listado definitivo de admitidos e excluídos e se recolla a puntuación total da fase de concurso.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade.

### **Proba Teórica:**

Consistente nun exame teórico que terá por finalidade avaliar os coñecementos do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade do aspirante. Puntuarase ata un máximo de 6,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á proba teórica significará a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

Na correspondente resolución de alcaldía na que se aprobe o listado definitivo de admitidos e excluídos, as puntuación da fase de concurso e se sinala a empresa encargada da realización da fase de oposición, indicaranse as especificacións relativas a este exercicio.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## 7. Desempates

No caso de que dous o máis aspirantes empataran nas puntuacións finais, é decir, despois da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e do exame, os empates dirimiranse do xeito seguinte:

Prevalecerá aquel que posúa maior tempo de inscrición como demandante de emprego, de persistir o empate, terase en conta a maior experiencia laboral acreditada relacionada co posto.

## 8. Aprobados

Logo de establecer a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as que se basea na súa puntuación e por orde decrecente e resultarán aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. Ditos aspirantes terán que pasar unhas probas físicas e médicas para completar o proceso selectivo. Que consistirán no seguinte:

### 8.a) Proba Médica

Terá un resultado de apto/non apto. Realizaranse os análises e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

### 8.b) Proba Física

Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, todavía sen concretar. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítase levar líquidos para hidratación. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

No suposto de que os/as seleccionados/as **non superen as probas físicas e médicas**, convocarase para as devanditas probas ao seguinte da listaxe que obtivera maior puntuación total e así sucesivamente ata cubrir as prazas ofertadas.

## 9. Publicidade

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de editos e na páxina web deste Concello.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e as bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán publicarse na web municipal, despois de publicarse no taboleiro de editos do Concello. Estas publicacións na web non terán validez para os efectos de computar os prazos e a información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, ao asinaren a solicitude para participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e as bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e de uso restrinxido.

## 10.- Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Concello de Negreira publicará as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes por orde decrecente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web <http://www.negreira.es>.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e de oposición.

Co resto dos candidatos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

### **11.- Documentación**

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

**ANEXO**  
**MODELO DE SOLICITUDE PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE**  
**PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2017**  
**CONCELLO DE NEGREIRA.**

**SINALE O QUE PROCEDA:**

CAPATAZ PEÓN CONDUCTOR PEÓN

**DATOS PERSOAIS:**

<b>APELIDOS E NOME:</b>
<b>D.N.I.:</b>
<b>DATA E LUGAR DE NACEMENTO:</b>
<b>TELÉFONO:</b>
<b>DOMICILIO ( rúa, número, piso)</b>
<b>CÓDIGO POSTAL, CIDADE E PROVINCIA:</b>

**EXPOÑO QUE: CUMPRINDO OS REQUISITOS ESIXIDOS NA BASE SEGUNDA DAS QUE REXEN A CONVOCATORIA DA PRAZA DE REFERENCIA A CONTINUACIÓN RELACIONO A DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTO XUSTIFICATIVA DOS REQUISITOS E MÉRITOS:**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**SOLICITA SER ADMITIDO/A NA CONVOCATORIA PARA O POSTO SINALADO NO ENCABEZAMENTO**

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA**



Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

Don/Dona----- co NIF nº -----  
e enderezo en -----; con ocasión de concorrer na  
convocotaria-----  
-----.

**DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:**

Non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as función propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Negreira, de de 2017

Asdo.